

DECRETO

REINCORPORACIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (2025/G001/001036).

Excma. Sra. alcaldesa do Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

Tendo prevista a reincorporación hoxe, día 4 de febreiro de 2025, de don Miguel Fernández Méndez, e dado que durante a súa ausencia e co fin evitar que se xeraran cambios que puidesen afectar ao normal funcionamento das áreas, ditouse o Decreto número 9809/2024, do 22 de outubro, segundo o cal o dito concelleiro sería suplido -no que comprendían as materias relativas á Área de Transición Ecolóxica- polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto número 9809/2024, do 22 de outubro, e restituírlle as competencias da Área de Transición Ecolóxica, e demais que lle correspondan por suplencia (parágrafo OITAVO.3 do Decreto 4036/2024), a don Miguel Fernández Méndez, tal e como veñen recollidas no referido Decreto 4036/2024, do 30 de abril, de organización municipal.

Segundo.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura, e seralles notificado ás e aos interesados.

Terceiro.- Darlle conta desta resolución ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente, na data que se indica á marxe, pola Excma. Sra. alcaldesa presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellós Fondo.